Caos nos centros educativos

3º ESO	
Materias obrigatorias en castelán	**Materias obrigatorias en galego**
Matemáticas (3h.)	Ciencias Sociais (3h.)
Física (2h.)	Bioloxía (2h.)
Tecnoloxías (3h.)	
TOTAL CASTELÁN: 8h.	**TOTAL GALEGO: 5h.**

4º ESO	
Materias obrigatorias en castelán (ex. itinerario tecnolóxico*)	**Materias obrigatorias en galego**
Matemáticas (3h.)	Ciencias Sociais, Xeografía e Historia (3h.)
Física (3h.)	
Tecnoloxías (3h.)	
TOTAL CASTELÁN: 9h.	**TOTAL GALEGO: 3h.**

(*) Non hai ningún itinerario en 4º ESO que presente equilibrio entre materias obrigatorias en castelán e galego, porque a outra obrigatoria nesta lingua é bioloxía e suple unicamente a unha das 3 que están en castelán.

INFANTIL (O que di o novo decreto)

As familias decidirán a lingua predominante no ensino.

Consecuencias que terá

- En infantil os rapaces e rapazas reforzarán a lingua na que xa se expresan, e no caso dos castelán-falantes non chegarán a ser bilingües, como si o serán os galego-falantes.

PRIMARIA (O que di o novo decreto)

Terán a metade das materias en cada lingua.

Consecuencias que terá

- Ao só aprender unha lingua en infantil, o alumnado non asimilará ben os contidos das materias impartidas na outra lingua porque non recibiu preparación previa.
- O alumnado non aprenderá galego ao mesmo nivel ca o castelán, porque é a lingua menos presente na sociedade.

SECUNDARIA (O que di o novo decreto)

Impartiranse en galego dúas materias (Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais) e en castelán tres (Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química). *Estas materias denomínanse de distinta maneira segundo o curso: Bioloxía e Xeoloxía ou Xeografía e Historia.*

Consecuencias que terá

- Van ter máis horas en castelán ca en galego.
- O alumnado non vai poder ter acceso en galego a materias relacionadas coas novas tecnoloxías nin ao seu léxico específico, o que lle afectará no Bacharelato.

XERAL (O que di o novo decreto)

As familias deberán escoller cada catro anos a lingua das materias.
O alumnado poderá usar a lingua que queira nas aulas tanto oralmente como por escrito.

Consecuencias que terá

- As familias veranse obrigadas a asumir unha responsabilidade que lle corresponde á Administración educativa.
- Deberán escoller a lingua das materias sen saberen se hai materiais abondos.
- Durante catro cursos haberá que acatar a decisión que tomaron outras familias.
- Coa votación vai haber vencedores e vencidos, polo que moitos/as alumnos/as non van poder recibir clases na lingua que desexan as súas familias.
- Se o alumnado pode expresarse na lingua que desexe non acadará as competencias orais e escritas da lingua que decida non usar.
- Se o profesorado perde o seu papel como modelo no aspecto lingüístico, o alumnado tamén deixa de consideralo referente noutros aspectos.

O que vai supoñer o Decreto

ILUSTRACIÓNS: SERXIO SUÁREZ

coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística
www.coordinadoraendl.org

A3C ENDL 070510.indd 1
7/5/10 07:38:35

O que vai provocar o novo decreto

INFANTIL

Inmersión en castelán



(*) Xa está pasando nas aulas

PRIMARIA

O "equilibrio" entre linguas en situación desigual é desequilibrio

Discrimínase o galego



Non van saber galego

SECUNDARIA

Exclúese o galego do ámbito científico-tecnolóxico



A liberdade de escolla non é real



Deixadez de funcións por parte da Consellería

SON MARÍA, NAI E MESTRA. COMO MESTRA SEI QUE NON HAI MATERIAL SUFICIENTE PARA QUE SE DEA O 50% DAS MATERIAS EN GALEGO, POLO TANTO NON VAI HABER EQUILIBRIO.

ADEMAIS COMO NAI PENSO QUE É RIDÍCULO QUE AS FAMILIAS TEÑAMOS QUE VOTAR PARA CAMBIAR A LINGUA EN QUE SE VAN IMPARTIR AS MATERIAS.

As linguas apréndense usándoas

A3C ENDL 070510.indd 2
7/5/10 07:38:46